

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa do Marco Input-Output 2016

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 13 de marzo, o proceso de recollida de información da Enquisa do Marco Input-Output 2016.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2018, dentro da operación “3903-01-OE05 Marco input-output” e diríxese a empresas que teñen algún establecemento en Galicia.

O traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico. As preguntas do cuestionario son de carácter económico, céntranse no detalle dos ingresos e dos gastos realizados polos establecementos destas empresas en Galicia. O obxectivo é coñecer as relacións intersectoriais e co exterior das empresas emprazadas na nosa Comunidade autónoma.

A información será utilizada na elaboración das operacións estatísticas estruturais do sistema de contas económicas do IGE, tanto do *Marco Input-Output* como das *Contas económicas anuais*, operación estatística anual cuxo obxectivo é describir e cuantificar a economía galega.

Confidencialidade

As empresas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá (Artigo 18 da Lei Estatística de Galicia).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 981 541 323
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>